



# Programación Xeral Anual

**IES SANXILLO**  
**Curso 2021/22**



## Índice

1.	DATOS XERAIS .....	3
2.	PLAN ANUAL: .....	9
2.1	Obxectivos de organización e xestión .....	9
2.2	Actividades previstas para acadar os obxectivos propostos .....	9
2.3	Recursos dispoñibles: .....	10
3.	HORARIO XERAL DO CENTRO.....	11
4.	ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS .....	11
4.1	Transporte escolar:.....	11
5.	DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO (DOC) .....	12
6.	PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	12
7.	FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.....	12
	PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES.....	12
8.	PLANS SOLICITADOS.....	13
8.1	PLAN ARCO.....	14
8.2	PROA PLUS.....	15
9.0.	Proxectos Europeos da materia de francés.....	16
10.	PROGRAMA DE FORMACIÓN DO PROFESORADO.....	16
11.	PLANS DO CENTRO .....	17
11.1	Plan de convivencia.....	17
11.2	Proxecto lingüístico.....	18
11.3	Proxecto lector .....	19
11.4	PLAN TIC .....	20
11.5	Plan de Igualdade .....	21
11.6	Plan de acollida.....	21
11.7	Plans de orientación .....	22
12.0	Formación en centros de traballo: .....	24
13.0	Proxecto Educativo de Centro.....	24
13.1.	NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA .....	24
13.1.	SECCION BILINGUE E AUXILIARES DE CONVERSA .....	25
	ANEXOS : .....	26
	Anexo 1: actividades extraescolares: .....	

## 1.DATOS XERAIS

---

TIPO DE CENTRO	PÚBLICO
Denominación oficial	IES SANXILLO
Código do centro	27016455
Provincia	LUGO
Enderezo	Ronda das Fontiñas, nº 171
Código Postal	27002
Teléfono	982 82 80 88
Dirección de correo electrónico	ies.sanxillao@edu.xunta.es
Páxina Web	<a href="http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxillao/">http://www.edu.xunta.gal/centros/iessanxillao/</a>
C.I.F	Q-7755318-H

Nº de unidades Funcionando	ESO	BACH	CICLOS	Réxime adultos
	14	7	COGA : 2 SERES: 2 DIRCO: 2 FPB: 2	Modular (DIRSE) DUAL +

Alumnado en réxime ordinario: 706; alumnado réxime adultos: 24. Total 730 alumnos.

Grupos réxime ordinario 33 máis grupos réxime adultos:4. Total 37.

### EQUIPO DIRECTIVO

**Directora:** M<sup>a</sup> Ángela Gómez Doval

**Vicedirectora:** Sandra Rodríguez Fernández

**Xefa de Estudos:** Leopoldo Suárez Sampedro

**Secretaria:** M<sup>a</sup> Rosa de Martín Santos.

## CLAUSTRO DE PROFESORADO 2021- 2022

Nº	PROFESOR/A	DEPARTAMENTO
1	Abuín Mallo, Álvaro	Xeografía e Historia
2	Adrán Valcárce, M <sup>a</sup> Teresa	Música
3	Alonso Enríquez, Ana	Xeografía e Historia
4	Álvarez Bouso, José Luis	Hostalería e Turismo
5	Álvarez Carballeira, Diego	Educación Física
6	Álvarez Dapena, Eva	Tecnoloxía
7	Álvarez González, Maximiliano Ariel	Relixión Evanxélica
8	Alvite Mouzo, Diana	Bioloxía e Xeoloxía
9	Arboleda Clemente, Laura	Física e Química
10	Arias López, María Beatriz	Lingua e Lit. Galega
11	Carrasco Manso, José Luis	Debuxo
12	Carricoba Marín, Dolores	Lingua e Lit. Castelá
13	Caruncho Prado, Miguel Angel	Hostalería e Turismo
14	Cerdeira Valladares, Luis	Hostalería e Turismo
15	Cerqueiro González, Marina	Inglés
16	Coego Galego, Pedro	Hostalería e Turismo
17	Conde Conde Modesto Javier	Música
18	de Martín Santos, Rosa María	Lingua e Lit. Galega
19	Devesa Regueiro, Manuel Andrés	Hostalería e Turismo
20	Díaz Blanco, María Lourdes	Lingua e Lit. Galega
21	Fernández Fernández , Ruth	Lingua e Lit. Castelá
22	Fernández Gómez, María Yolanda	Pedagogía Terapéutica
23	Fernández López, Begoña	Educación Física
24	Fernández Rey, María Mercedes	Hostalería e Turismo
25	Fernández Rodríguez, Manuel	Lingua e Lit. Castelá
26	Garabal Rey, María del Carmen	Xeografía e Historia
27	García Parada, María Dolores	Lingua e Lit. Galega
28	García Pena, Celia María	Hostalería e Turismo
29	García Villasuso, Xosé Domingo	Lingua e Lit. Galega
30	Gómez Doval, María Ángela	Física e Química
31	Gómez Fernández, María del Carmen	Inglés
32	González Montañés, Alberte	Lingua e Lit. Galega
33	González Sanmartín, Carlos	Hostalería e Turismo
34	Gordillo Mira, María	Hostalería e Turismo
35	Iglesias Vázquez, María Beatriz	Física e Química
36	Llamas Golpe, Ana María	Hostalería e Turismo
37	Lloveras Rodríguez, Georgina María	Inglés
38	López Dapena, Diego	Hostalería e Turismo
39	López Doamo, Juan Jesús	Latín e Grego

40	López Peón, María Carmen	Lingua e Lit. Galega
41	López Rodríguez , M <sup>a</sup> Begoña	Economía
42	Marey Seijas, Juan Manuel	Economía
43	Martínez Rodríguez, María Pilar	Inglés
44	Méndez Arias, Olalla	Orientación
45	Naval Anido, Ana Isabel	FOL
46	Ñúñez Prado, María Teresa	Pedagogía Terapéutica
47	Ocampo Prado, Noelia	Física e Química
48	Otero Campos, María Begoña	Inglés
48	Pareja López, Sandra	Tecnoloxía
49	Pena Fernández, Noelia	Francés
50	Peña Crecente, María del Mar	Matemáticas
51	Pérez Pérez, Felisa	Tecnoloxía
52	Pérez Rodríguez, M <sup>a</sup> Angel	Biología e Xeoloxía
53	Pérez Traseira, Beatriz	Lingua e Lit. Galega
54	Posse Gende, María Monserrat	Inglés
55	Rellán Álvarez, María Marta	Matemáticas
56	Rigueira Muínelo, M <sup>a</sup> Cristina	Filosofía
57	Río Fernández, María	Biología
58	Rivas Grande, María Lourdes	Relixión Católica
59	Rodil Fernández, María Helena	Economía
60	Rodríguez Barrera, Juan Carlos	Xeografía e Historia
61	Rodríguez Carreiras, Jesús	Hostalería
62	Rodríguez Fernández , Sandra	Alemán
63	Rodríguez Parceró, Cristina	Matemáticas
64	Sánchez Arias, María Teresa	Lingua Castelá
65	Sánchez Corral, M <sup>a</sup> Isabel	Filosofía
66	Sánchez Vázquez , Daniel	Hostalaría e Turismo
67	Santiso Gómez, María José	Debuxo
68	Suárez López, Luis	Debuxo
69	Suárez Sampedro, Leopoldo	Música
70	Taboada Valín, Ana María	Francés
71	Torres Penas, Juan Carlos	Hostalería e Turismo
72	Valcárcel Rubinos, Uxío	Matemáticas
73	Valverde Ruibal, Nahúm	Matemáticas
74	Vázquez Torrón, María Dolores	Matemáticas
75	Vecino Varela, María José	Debuxo
76	Veiga Souto, María Concepción	Matemáticas
77	Vidal Salgado, Susana María	Hostalería e Turismo

**TITORES. CURSO 2021-2022**

<b>1º ESO-A</b>	Cerqueiro González, Marina
<b>1º ESO-B</b>	Valcárcel Rubinos, Uxío
<b>1º ESO-C</b>	Alvite Mouzo, Diana
<b>2º ESO-A</b>	Pérez Pérez, Felisa
<b>2º ESO-B</b>	Valverde Ruibal, Nahúm
<b>2º ESO-C</b>	Fernández Fernández, Ruth
<b>2º ESO-D</b>	Arboleda Clemente, Laura
<b>3º ESO-A</b>	Adrán Valcárce, Teresa
<b>3º ESO-B</b>	Ocampo Prado, Noelia
<b>3º ESO- PMAR</b>	Rellán Álvarez, Marta
<b>3º ESO-C</b>	Río Fernández, María
<b>3º ESO-D</b>	Vecino Varela, Mª José
<b>4º ESO-A</b>	Fernández Rodríguez, Manuel
<b>4º ESO-B</b>	Fernandez López, Begoña
<b>4º ESO-C</b>	Lloveras Rodríguez, Georgina
<b>1º BAC-A</b>	Carrasco Manso, José Luis
<b>1º BAC-B</b>	Peña Crecente, Mª del Mar
<b>1º BAC-C</b>	Rigueira Muínelo, Cristina
<b>1º BAC-D</b>	Martínez Rodríguez, Pilar
<b>2º BAC-A</b>	Abuín Mallo, Álvaro
<b>2º BAC-B</b>	López Peón, Carmen
<b>2º BAC-C</b>	Veiga Souto, Mª Concepción
<b>FPBH1:</b>	Gordillo Mira, María
<b>FPBH2:</b>	Torres Pena, Juan Carlos
<b>1º CM Servizos (SERES 1):</b>	Vidal Salgado, Susana
<b>2º CM Servizos (SERES 2):</b>	Rodríguez Carreiras, Jesús
<b>COGA 1</b>	Mercedes Fernández Rey
<b>COGA 2</b>	Coego Galego, Pedro
<b>DIRCO 1</b>	Caruncho Prado, Miguel Angel
<b>DIRCO 2</b>	Álvarez Bouso, José Luis
<b>DIRSE</b>	Llamas Golpe, Ana Mª
<b>DUAL</b>	Sánchez Vázquez, Daniel

## O Equipo de orientación do centro, está formado por:

Núñez Prado, Teresa (PT)

Álvarez , Yolanda (PT)

Anido Naval, Ana Isabel (FOL)

Méndez Arias, Olalla

Polo ámbito psociolingüístico: profesor Leopoldo Suárez Sampedro

Polo ámbito científico-tecnolóxico: profesora M<sup>a</sup> Ángela Gómez Doval

### XFES DE DEPARTAMENTO . Curso 2021-2022

<b>XEFATURAS DE DEPARTAMENTO</b>	<b>DEPARTAMENTO</b>
Rodríguez Fernández, Sandra	Alemán
Rodríguez Pérez, Mari Angel	Bioloxía-Xeoloxía
Suárez López, Luis	Debuxo e Artes Plásticas
Marey Seijas, Juan Manuel	Economía
Alvarez Carballeira, Diego	Educación Física
Besteiro Hermida, Ana Isabel	Filosofía
Iglesias Echevarría, Beatriz	Física e Química
Naval Anido, Ana Isabel	Fol
Taboada Valín, Ana M <sup>a</sup>	Francés
González Sanmartín, Carlos	Hostalería e Turismo
Otero Campos, Begoña	Inglés
López Doamo, Juan Jesús	Latín e Grego
Sánchez Arias, M <sup>a</sup> Teresa	Lingua e Lit.Castelá
Díaz Blanco, Lurdes	Lingua e Lit. Galega
Veiga Souto, M <sup>a</sup> Concepción	Matemáticas
Conde Conde, Modesto Javier	Música
Méndez Arias, Olalla	Orientación
Rivas Grande, M <sup>a</sup> Lourdes	Relixión
Álvarez Dapena, Eva	Tecnoloxía
Rodríguez Barrera, Juan Carlos	Xeografía e Historia

### COORDINADORES 2021-2022

<b>Departamento</b>	<b>Profesor/a</b>	<b>Coordinación</b>
Lingua e Lit. Galega	Xosé Domingo García Villasuso	Dinamización lingüística
Lingua e Lit. Galega	Díaz Blanco, Lurdes	Biblioteca
Lingua e Lit. Castelá	Fernández Fernandez, Ruth	Club de lectura

Inglés	Rodríguez Martínez , M <sup>a</sup> Pilar e M <sup>a</sup> Mercedes Fernández Rey	Sección Bilingüe
Hostalería e Turismo	Fernández Rey, Mercedes	Erasmus Plus
Música	Lloveras Rodríguez, Georgina	TIC-ABALAR
Hostalería e Turismo	Devesa Regueiro, Manuel Andrés	FCT
Matemáticas	Vázquez Torrón, M <sup>a</sup> Dolores	Web e Aula Virtual e Formación do Profesorado
Xeografía e Historia	Garabal Rey, M <sup>a</sup> Carmen	Convivencia
Xeografía e Historia	Alonso Enriquez, Ana M <sup>a</sup>	Igualdade Comisión: Río Fernández, María, Parada Dolores, García, Celia
Física e Química	Gómez Doval, M <sup>a</sup> Ángela	Prácticum Máster Secundaria
Inglés	Lloveras Rodríguez, Georgina	Plan Dixital

## O CONSELLO ESCOLAR

Cargo	Nome e apelidos
Presidenta:	Gómez Doval, M <sup>a</sup> Ángela
Xefe de estudos	Suárez Sampedro, Leopoldo
Secretaria:	De Martín Santos, Rosa M <sup>a</sup>
Representante do Profesorado:	Garabal Rey, M <sup>a</sup> Carmen
	Otero Campos, Begoña
	Pérez Rodríguez , M <sup>a</sup> Ángel
	Río Fernández, María
	Rodríguez Fernández, Sandra
	Suárez López, Luís
	Veiga Souto, M <sup>a</sup> Concepción
Representante da ANPA	Bruña García, Xabier
Representantes familias	Díaz Fernández, Víctor
	López López, Paula
Representantes do alumnado	Cascudo Ferreiro, Raúl
	Seco Ocampo, Pedro
Representante de adm./servizos	Núñez López, M <sup>a</sup> José
Representante Asociación Hostalaría	García-Bobadilla Prósper, Jacobo
Representante do Concello:	Rivas Jorge, Felipe



## PERIODICIDADE DAS REUNIÓNS:

**Consello Escolar:** O que marca a lei e todas as veces que se precise.

**Claustro de Profesores/as:** Sempre que sexa necesario e unha vez ao trimestre, e para a renovación dos Consellos escolares.

**Comisión de Coordinación Pedagóxica:** Sempre que sexa necesario, aínda que o recomendado é unha vez ao mes.

**Equipo de Normalización Lingüística:** Mensualmente

**Equipo de Actividades Complementarias e extraescolares:** Sempre que sexa necesario.

## 2. PLAN ANUAL:

---

### OBXECTIVOS DE ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

#### A) Obxectivos de centro:

1. Manter unha convivencia harmónica entre todos os membros da comunidade educativa, dentro dun marco de respecto aos principios democráticos e aos dereitos e liberdades fundamentais.
2. Adaptarnos á normativa educativa vixente nos aspectos que competen ao centro de forma consensuada e participativa.
3. Aproveitar as novas tecnoloxías como ferramentas que nos axuden a traballar máis eficazmente na formación de noso alumnado e na xestión do instituto.
4. Aumentar o prestixio do centro, mellorando os niveis de calidade e excelencia a través da análise das necesidades das familias, alumnado e persoal do centro, efectuando unha optimización de procesos e tamén unha avaliación sistemática e periódica do traballo do Equipo Directivo.
5. Manter ó centro ligado aos novos plans de traballo ofertados no marco da LOM-LOE coa axuda dos membros do Claustro.
6. Seguir promovendo a relación do noso centro con outros centros educativos (intercambios de alumnado, participación en concursos, ....., e con outras institucións.

#### B) Obxectivos educativos:

1. Lograr a formación integral do alumnado, recuperando para o sistema, no posible, a aqueles que non estean axeitadamente integrados nel, establecendo mecanismos para que todos os alumnos alcancen o máximo do seu potencial, inculcando neles hábitos intelectuais e de traballo.
2. Orientar profesional e academicamente ao alumnado así como ás súas familias, para que as decisións que adopten sexan as máis beneficiosas, de acordo ós seus intereses persoais e ás súas capacidades.
3. Preparar ao alumnado de Educación Secundaria Obrigatoria para a súa transición á vida adulta, así como capacitalos para que poidan continuar estudando Bacharelato ou Formación Profesional Específica de grao medio, así como aos de Bacharelato para que poidan desenvolver estudos universitarios ou Formación Profesional específica de grao superior, e para o alumnado de Formación Profesional Básica, conseguir que adquiren as competencias básicas que lles posibiliten iniciar unha preparación profesional de calidade.
4. Educar ao alumnado nos valores de igualdade non sexista ou discriminatoria entre homes e mulleres.

### C) Obxectivos específicos para o curso académico

1. Atención especial ao alumnado con problemas no proceso de aprendizaxe: Programas PMAR en 2º e 3º de ESO (cando haxa alumnado), agrupamentos de reforzo apoio en 1º e 2º da ESO.
2. Potenciar o aprendizaxe de xeito práctico e empírico establecendo horas específicas detalleres de Tecnoloxía e laboratorios con profesorado específico para esas aulas.
3. Promover unha maior implicación dos pais/nais dos alumnos no proceso de aprendizaxe dos
4. seus fillos, a través das reunións cos titores.
5. Colaborar cos centros adscritos ao noso centro para dalo a coñecer, facilitar a incorporación dos novos alumnos e promocionar a imaxe do Centro.
6. Fomentar a convivencia e participación no IE,S difundindo ao máximo o Regulamento de Réxime Interior (RRI) entre tódolos membros da comunidade educativa. A tal fin os titores comentarán o RRI nas horas de titoría.
7. Fomentar o uso da lingua galega, apoiando as iniciativas que a tal fin elabore o profesorado e o Equipo de Dinamización Lingüística.
8. Promover a lectura e o uso da biblioteca escolar.
9. Promocionar o traballo do Departamento de Orientación, profundando no plan de acción titorial, e informando sobre os itinerarios formativos mais axeitados aos intereses dos alumnos, tanto durante a súa escolarización no Centro como ao remate dos seus estudos.
10. Interrelacionar o IES co espazo sociocultural no que está situado.
11. Dotar aos departamentos didácticos de orzamentos adecuados a súas necesidades.
12. Apostar polas Tecnoloxías da Información e da Comunicación con diversas medidas que faciliten e melloren o uso destas ferramentas.
13. Potenciar as medidas encamiñadas a atallar o absentismo escolar, como son o contro por parte dos titores e as chamadas a casa dos alumno que non se atope na aula a 1ª hora.
14. Divulgar e poñer en práctica o Plan de autoprotección do IES.

O esquema xeral das materias que se imparten tanto en Ciclos Formativos, FPB, ESO e Bacharelato responden á LEXISLACIÓN VIXENTE.

**Actividades previstas para acadar os obxectivos propostos:** as que cada departamento didáctico indique na súa programación: actividades de reforzo educativo, adaptacións curriculares, adaptación do currículo en casos de sobredotación , etc.

#### **Outras actividades**

- As que realice ó longo do curso o equipo de normalización lingüística.
- As que se poden xerar dende o Plan de Bibliotecas escolares, etc.
- As previstas polos diferentes departamentos didácticos, incluído o departamento de orientación.
- As que se realicen en relación á concienciación sobre a igualdade.
- As previstas polo equipo directivo, aprobadas polo Consello Escolar.

### **RECURSOS DISPOÑIBLES**

**Humanos:** O personal docente, é dicir o claustro, formado durante o presente curso por un total de 77 profesores. O persoal non docente, formado por 15 persoas, que se ocupa do mantemento das instalacións.

Un profesor auxiliar de conversa en inglés compartido co IES de Becerreá.

#### **Instalacións:**

O edificio no que se ubica o centro consta con numerosas aulas axeitadas ás diversas materias que compoñen o currículo do alumno, a saber: salón de actos, aula de música, aulas de informática, aulas dotadas con pizarras dixitais, talleres de tecnoloxía, laboratorios de física, química e bioloxía, polideportivo, ximnasio e o máis chamativo, as instalacións de hostalaría coas súas específicas aulas: taller de cociña, aulas de servizo restaurante-bar,...

No presente curso estanse a realizar as obras de ampliacións das instalacións de Hostalaría.

### 3. HORARIO XERAL DO CENTRO

---

Para facilitar a compatibilidade de estudos Conservatorio de Danza, Conservatorio de Música e Centro educativo de ESO e BAC, o horario faise pola mañá coa excepcións dalgúns Ciclos Formativos de Hostalaría.

Luns e martes o alumnado da ESO e BAC entra ás 8:15h e sae ás 14:30h.  
Mércores, xoves e venres o horario cambia de 8:45h entrada e 14:15h saída.  
O marco horario para o Ciclos Formativos da mañá prolóngase ata as 16:10h da tarde. luns e martes, e de 14:15h ata as 15:55 h mércores e xoves.

Os Ciclos Formativos impartidos pola tarde (Réxime adultos: Modular- DIRSE e DUAL) encóntranse no marco horario de tarde de 16:00h a 21:30h de luns a xoves.

Os **períodos de lecer da mañá** quedan como se indica:

Luns e martes: 11:35h a 12:00h  
Mércores, xoves e venres de 11:15h a 11:45h.

Os **períodos de lecer da tarde**:  
De luns a xoves de 19:00h a 19:20h

**Período de limpeza do centro (polas mañás):**

Luns e martes de 16:10h a 16:30h.  
Mércores, xoves e venres de 15:55h a 16:30h

### 4. ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS ORGANIZACIÓN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

---

#### 4.1. Transporte escolar:

Na actualidade existe unha aplicación informática para a axuda do control do transporte escolar, onde se poden seguir todos os detalles, e dende este curso o transporte é INTEGRADO o que require do uso da tarxeta o carné XOVE.

O carné xove é unha tarxeta persoal para a mocidade galega expedida pola Xunta de Galicia a través da Dirección Xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado da Consellería de Política Social. Con este documento, as persoas usuarias poden acceder a unha chea de descontos e vantaxes en múltiples entidades e establecementos en Galicia, no resto das comunidades autónomas e nos 40 países europeos adheridos ao programa Carné Xove Europeo (European Youth Card).

**Dende o 2021, o carné xove é gratuíto e ten vixencia indefinida entre as idades de 12 a 30 anos**, ambos os dous inclusive, polo que xa non é preciso renovalo.

Neste sentido, no 2021 a Xunta de Galicia enviou o carné xove ao domicilio de todas as persoas potencialmente usuarias, máis de 400.000 mozos e mozas. Polo tanto, xa non é necesario nin solicitalo nin pagalo para telo.

-No caso das **persoas que xa tiñan o carné** (coa imaxe antiga), recíbeno no seu domicilio con todos os datos cubertos e xa plenamente operativo.

-No caso das **persoas que nunca tiveron o carné** ou que o teñen caducado dende hai moito tempo, recíbeno no seu domicilio cos tres primeiros campos cubertos (nome e apelidos, data de nacemento e data de caducidade). Para que o carné estea operativo, é necesario activalo.

A activación pódese facer de forma presencial ou electrónica:

- Presencial: acudindo a un dos [puntos de activación](#). A activación consiste en insertar na tarxeta o número de carné (número Eyca). Neste proceso é preciso acreditarse co DNI.

- Electrónica: os rapaces e rapazas que opten por esta vía deben cubrir **un formulario**. Uns días despois, recibirán no seu correo electrónico o seu número de carné, que deberán escribir manualmente na tarxeta para tela activada. Non hai límite de prazo para activar o carné xove.

## **5. DOCUMENTO DE ORGANIZACIÓN DE CENTRO (DOC)**

---

Remitido á inspección educativa.

## **6. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES**

---

Relación de actividades aprobadas en Consello Escolar o día 18 de outubro de 2021.  
Ver ANEXO 1

## **7. FUNCIONAMENTO DA BIBLIOTECA ESCOLAR.**

---

### **PLAN DE MELLORA DE BIBLIOTECAS ESCOLARES.**

O Plan de Mellora de Bibliotecas escolares (PLAMBE) pretende a dinamización destes espazos, impulsando a elaboración e a posta en marcha de proxectos de Biblioteca Escolar que recollan aspectos como:

**A)** A súa organización e actualización, entendida como un centro de recursos de lectura, información e aprendizaxe. **B)** A súa integración nos procesos de ensino e aprendizaxe. **C)** A realización de actividades de formación de usuarios e educación en información ou educación documental. **D)** O papel da Biblioteca Escolar na elaboración do Proxecto lector de centro. **E)** O fomento da lectura. **F)** A contribución deste recurso á compensación das desigualdades sociais e á calidade do ensino que se imparte no centro. **G)** A dinamización cultural na comunidade escolar.

Co fin de incentivar a mellora constante da Biblioteca e todo o que esta supón para o centro propóñense os seguintes **obxectivos**:

- Animar ao profesorado do centro a que participe en actividades que dinamizen a comprensión lectora do alumnado e habilitar espazos no centro para ditas accións.
- Colocar estratexicamente puntos de lectura nos espazos do centro, como xa se apuntou con anterioridade neste proxecto.
- Propoñer actividades que estimulen á lectura e que xa se están a facer nalgúns centros educativos.
- Colaborar nas accións relacionadas coa Biblioteca escolar.
- Axudar, na medida das posibilidades económicas do centro, á adquisición de material novidoso e atractivo para a comunidade escolar.
- Intentar implicar a todos os membros da comunidade educativa na visión da Biblioteca como un lugar para “todos” e non só para alumnado e profesorado.

**Coordinadora:** M<sup>a</sup> Lourdes Díaz Blanco

Contamos co Club de lectura, formado por alumnado da ESO, da que é coordinadora a profesora Ruth Fernández Fernández.

### PLAN LÍA 3.

#### **Inclusión no PLAN Lía 3.**

O feito de ser incluídos dentro deste Plan supón unha reafirmación no labor que xa iniciáramos en anos anteriores e unha mellora nas nosas instalacións, así como e unha renovación dos nosos fondos.

- Despois de todos estes anos, o espazo e as nosas perspectivas sobre o que debía ser a nosa biblioteca foron cambiando e chegamos á conclusión que necesitabamos ampliar tanto o espazo físico como os recursos que ofreciamos á comunidade educativa.
- Pretendemos que a biblioteca se desenvolva ao redor de tres eixes: aprender, crear e desfrutar para estimular a aprendizaxe e a capacidade creativa.
- Necesitamos financiamento para:
- Dotar á Biblioteca dos seguintes espazos para desenvolver as súas actividades:
- zona de xestión, sala de lectura informal, espazo para a lectura informativa, zona de xogos, laboratorio creativo, espazo para a radio escolar, zona de exposición, espazo onde poder desfrutar sentado, zona para a representación e unha zona audiovisual.
- Dotación de equipos informáticos para os distintos traballos de creación audiovisual, adquisición dunha pantalla táctil para un espazo da sala central coa que poder acompañar as distintas presentacións que se realicen.
- Adquisición de novas tabletas electrónicas para a consulta en internet, o traballo con Apps de Creación e a lectura en plataformas dixitais

## 8. PLANS SOLICITADOS POLO CENTRO

---

### 8.1. PROGRAMA ARCO

#### **OBXECTIVOS**

1. Apoiar o alumnado para a mellora do rendemento académico.
2. Mellorar o éxito escolar e previr o abandono educativo temperán do alumnado que cursa as ensinanzas obrigatorias.
3. Xerar un clima de aprendizaxe que favoreza o traballo en equipo, cooperativo e/ou por proxectos.

4. Disminuír as barreiras de aprendizaxe que dificultan superar e acadar os obxectivos do seu nivel educativo.
5. Xerar contornas de aprendizaxe que favorezan a interacción, o traballo colaborativo e a aplicación de metodoloxías participativas que melloren o desenvolvemento das competencias clave do alumnado.
6. Desenvolver modelos curriculares máis competenciais, interdisciplinares e participativos.
7. Impulsar a aplicación de cambios organizativos e metodolóxicos que permitan o seguimento personalizado das súas competencias.

## LIÑA 2, PARA 1º DE ESO

Esta liña, que se desenvolve en horario lectivo na aula ordinaria, ten por obxecto:

- Apoiar e reforzar o alumnado de 1º ESO para o desenvolvemento das competencias clave e mellora dos resultados académicos.
- Reforzar o alumnado con perfil absentista que permanece un ano máis en 1º ESO, ou que presente especial dificultade nas competencias en comunicación lingüística, competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía, competencia aprender a aprender e a competencias sociais e cívicas, ou presente áreas non superadas da educación primaria, prioritariamente, as de Lingua galega e literatura, Lingua castelá e literatura e Matemáticas, mediante apoios, o uso de metodoloxías activas e participativas, así como a aplicación doutras medidas organizativas na aula.

## 8.2 PROGRAMA PROA -PLUS

O Ministerio de Educación e Formación Profesional transferiu ás Comunidades Autónomas unha dotación económica, para a súa distribución entre centros educativos sostidos con fondos públicos durante o curso 2021/2022 para que compartan as recomendacións do Consello da Unión Europea en materia de inclusión educativa.

O Programa PROA PLUS trátase dunha medida dirixida especialmente a aqueles centros que mostren indicadores máis altos de pobreza educativa (atraso educativo significativo, desconexión da escola, altos índices de repetición e absentismo, baixas taxas de idoneidade, risco de fracaso escolar e de abandono temperán), agravada pola suspensión da actividade presencial nas aulas causada pola COVID-19.

Os destinatarios finais será o alumnado de educación primaria, ESO e bacharelato, en especial, os máis vulnerables no contexto educativo.

### O Programa PROA+ pretende alcanzar os seguintes obxectivos:

- Garantir a continuidade e avance educativo do alumnado no curso 2021-22.
- Restablecer, reforzar e mellorar o funcionamento dos centros educativos nas condicións especiais do curso 2021-22.
- Reforzar a equidade educativa da rede de centros, en función das características das zonas ou territorios en que se sitúan.
  - Impulsar e facilitar as necesarias adaptacións das programacións didácticas ao redor das competencias clave e as aprendizaxes fundamentais.
- Reforzar a dotación e formación dos docentes e profesionais da orientación para impulsar o reforzo e a renovación pedagóxica dos equipos docentes.
  - Responder de forma integral ás novas necesidades educativas sobrevindas, así como mitigar o impacto do confinamento e suspensión da educación presencial no benestar socioemocional do alumnado e o profesorado.



- Avaliar as actuacións do programa en función de indicadores consensuados, con vistas ao rendemento de contas das Administracións educativas, á súa mellora e, no seu caso, á súa posterior ampliación e adaptación a cursos posteriores.

O Programa PROA+ busca reducir as taxas de abandono, para iso, divídese en distintas liñas de actuación. As que abarcan desde cambios na programación curricular, adaptación do proceso de ensino e aprendizaxe á realidade postCOVID ou o acompañamento a estudantes con necesidades específicas de apoio educativo para reducir a brecha educativa.

### Que achega o PROA+ á realidade educativa actual?

Tras o peche dos centros educativos, en marzo de 2020, as familias puideron apoiar de moi distintas formas aos nenos/nenas e adolescentes no seu proceso educativo. Isto xerou que as aprendizaxes desenvolvidas neste período fosen moi diversas. Esta diversidade xerou “brechas” entre o alumnado. Non é a mesma experiencia de aprendizaxe para quen tiña un computador para cada fillo/a que para as familias que tiñan que compartir aparello. Tampouco o é para quen tiña un espazo para estudar que para quen tiña que compartilo con outras actividades. Algúns estudos tratan a fondo as desigualdades padecidas polo estudantado español durante o tempo de confinamento. As distintas medidas establecidas no programa PROA+ pretenden equiparar as aprendizaxes, adaptar o ensino ás distintas modalidades (virtual, presencial ou semipresencial) e evitar a xeración de novas “brechas educativas”. Así o programa PROA+ chegará ás escolas e institutos con maior vulnerabilidade social e económica, xa que as escolas con maior vulnerabilidade padeceron máis as desigualdades xeradas polo COVID-19.

### Liñas de actuación do novo Plan PROA

O Programa PROA+ conta con distintas liñas de actuación. Así as distintas liñas permiten xerar un programa completo de actuación para reducir a “brecha social”.

### Adecuación do Proxecto Educativo do Centro.

Nesta liña de actuación hai distintas medidas, as cales todas afectan o Proxecto Educativo do Centro.

**Por unha banda**, propónse a incorporación de máis persoal docente. Este novo persoal servirá para reforzar as aprendizaxes e acompañar a quen está máis atrasados. Isto permite a flexibilidade grupal, a adaptación das programacións e maior nivel de adaptación das distintas necesidades educativas do alumnado en función da súa realidade social e educativa.

**Por outra banda**, propónse a elaboración dun Plan Dixital de Centro que deberá estar finalizado en xuño de 2022. Búscase elaborar un plan para que os centros teñan un mínimo de recursos TICs cos que traballar. Componse de varias accións:

**Primeiro:** realízase un inventario dos materiais TICs existentes.

**Segundo:** analízase a formación en competencias TICs por parte dos docentes.

A partir destas dúas medidas realízase unha avaliación inicial do desenvolvemento TICs. Isto permite ao centro planificar as distintas estratexias para a aplicación desta liña de actuación. Impulso ás competencias docentes.

No último ano o profesorado tivo que desenvolver novas competencias profesionais. O COVID-19 e o peche de colexios e institutos acelerouno. En moitos casos a autoformación permitiu solucionar, temporalmente, a problemática e adaptarse á realidade do momento. O que se busca con esta liña de actuación é fomentar a competencia docente nas novas metodoloxías e os distintos escenarios. Desta maneira, evitar situacións como as xa

vividas no 2020.

Búscase a creación e uso de plataformas virtuais para o desenvolvemento das actividades educativas e para a comunicación coas familias. A adaptación das estratexias educativas e das avaliacións para adecualas ás necesidades dos estudantes. Búscase adaptar o centro ao desenvolvemento das distintas modalidades educativas e ás necesidades educativas do alumnado. Tamén nesta liña de actuación atópase a creación de grupos de traballo docentes para mellorar a colaboración entre estes.

### **Acompañamento ao alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo.**

O alumnado con Necesidades Específicas de Apoio Educativo require de apoio constante e acompañamento. A través do Plan PROA+ preténdese achegar nese sentido e xerar actividades de reforzo ao alumnado. Realízalas a través de actividades extraescolares e monitores de acompañamento para reforzar o proceso de aprendizaxe de maneira integral. Impulso á implicación e colaboración das familias.

Tal e como establece a lei educativa, as familias son un pilar fundamental no proceso educativo. O seu apoio e acompañamento ao longo de todas as etapas escolares é esencial. A través desta liña de actuación do Plan PROA+ preténdese incorporar ás familias á participación activa nos procesos educativos. Unha das accións para desenvolver aborda a vinculación con outras estruturas do terceiro sector social. Polo que o Plan PROA+ entende o proceso educativo de maneira integral e aborda a educación desde unha perspectiva interdisciplinar e global.

### **Esquema das liñas de actuación do Plan Proa+**

O Programa PROA+ o que busca é a superación das desigualdades sociais que se visibilizan nas escolas para lograr que todo o alumnado poida desenvolver as competencias clave establecidas, redúzase o abandono e fracaso escolar temperán.

Isto representa un avance social xa que a evidencia científica dinos que a diminución das taxas de fracaso escolar só é posible se melloran as condicións sociais. A taxa de abandono en Galicia é dun 12%, en España do 15%, pero Europa acaba de marcar un 9% para todos os centros. Quérense reducir as dificultades da aprendizaxe.

Existe unha nova formación en DUA (Deseño Univarsal da Aprendizaxe) dentro do Plan Recupérat. Nun futuro todo vai encaminado cara esta modalidade de aprendizaxe.

## **9. PROXECTOS EUROPEOS DA MATERIA DE FRANCÉS**

---

O IES SANXILLO representado polo Departamento de francés ven participando en Proxectos europeos desenvolvidos a través da plataforma Etwinning (que forma parte de Erasmus +) dende o curso 2018-2019.

### **PROBAS DE ACREDITACIÓN DELF**

Despois destes últimos anos de participación nas convocatorias oficiais do DELF, o departamento vai continuar motivando ao alumnado de francés a presentarse aos exames no presente curso .



## 10. PLANS DE FORMACIÓN DO PROFESORADO

---

Tense solicitado e aprobado na aplicación FPROFE o curso de Formación do profesorado L21311016 para a elaboración do Plan DIXITAL do Centro. Os obxectivos marcados son:

- Elaborar materias para o desenvolvemento curricular no marco do modelo competencial.
- Deseño e elaboración do Plan dixital do centro.

### PLANS DO CENTRO

#### 11.1 Plan de convivencia

O seu marco legal hai que buscalo no BOE 15/03/07, e no Decreto 85/2007, do 12 de abril, (D.O.G. 8 de maio de 2007) polo que se crea e regula o Observatorio Galego da Convivencia Escolar, órgano colexiado de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar.

Durante o presente curso e dado que vaise renovar parcialmente o Consello Escolar procederase o día 1 de decembro renovar o Observatorio da Convivencia Escolar do IES SANXILLO de acordo coa lexislación vixente. Os seus membros manterán tres reunións anuais de carácter ordinario, unha por trimestre. Con carácter extraordinario poderá reunirse o Observatorio cantas veces sexa convocado pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

**A Comisión de Convivencia do centro** constitúe o último nivel de concreción do Observatorio Galego de Convivencia escolar. Ten como función específica a **coordinación de actuacións conxuntas relacionadas coa mellora da convivencia no propio centro educativo**.

A mellora da convivencia debe abordarse nos centros educativos desde tres niveis:

**Nivel social:** accións conxuntas con outras institucións e organismos, control do absentismo escolar, dinamización dos Consellos Escolares, e plans conxuntos coas familias para dar resposta a problemas graves de conduta, así como fomento da investigación sobre a convivencia, as causas e os factores do conflito.

**Nivel institucional:** proxectos institucionais e de centro, establecemento de normas de convivencia e disciplina, acción titorial, organización escolar, adaptación do currículo, diversificación da oferta formativa, potenciación do labor do tecido asociativo e formación do profesorado.

**Nivel persoal:** oferta de medidas de compensación educativa, desenvolvemento de programas de apoio e atención á diversidade, adestramento en habilidades sociais, adaptación individual de propostas curriculares e axuste das medidas sancionadoras á normativa.

O plan de convivencia implica:

**1. Avaliación inicial sobre o estado da convivencia no centro** en base á información ofertada polos distintos sectores da comunidade educativa. Deseño do plan en que se inclúan: obxectivos, actuacións (co profesorado, co alumnado, coas familias, co persoal non docente e, de ser posible, coa totalidade da comunidade), recursos (tanto humanos como materiais, propios e alleos), prazos e responsabilidades, así como o procedemento para o seguimento e avaliación do mesmo. Deberá ser froito do debate e consenso da comunidade educativa e, especialmente, dos órganos de representación e coordinación

do centro. O plan debe caracterizarse por ser: contextualizado, factible, preventivo, progresivo, colaborativo e institucional.

## **2. Revisión dos mecanismos de participación na vida do centro dos distintos estamentos da comunidade educativa:**

**a) O alumnado:** o seu papel como axente activo da convivencia no centro, na negociación das normas de convivencia, na dinamización da xunta de delegados, na mediación escolar e na titorización entre iguais; os seus deberes respecto dunha conduta respectuosa para cos seus iguais e para cos adultos, etc.

**b) As familias:** a dinamización das asociacións de nais e pais dos centros. A colaboración co centro educativo nas actividades complementarias e extraescolares. A integración no desenvolvemento das diferentes actividades do centro. A responsabilidade con respecto ós seus fillos e fillas no referido ó estudo.

**c) O profesorado:** o establecemento de horarios que faciliten a coordinación e o intercambio cos demais profesores e profesoras que imparten docencia ó mesmo grupo, así como a coordinación co restante profesorado. A participación nas actividades de formación e actualización en aspectos metodolóxicos e didácticos. A incorporación de liñas de traballo cooperativo e de investigación-acción.

**3) Incorporación de contidos** como os dereitos humanos, o conflito, a violencia de xénero, etc., ó currículo, dado que se entende que a asimilación de conceptos facilita a construción moral e ética da mocidade.

**4) Promoción de proxectos e programas de innovación** (incentivo económico, acreditación da participación en horas de formación).

**5) Revisión do PEC respecto da presenza de valores como:** solidariedade, cooperación, igualdade, xustiza, tolerancia e desenvolvemento sostible.

### **OBXECTIVOS:**

1. Reunións informativas a principio de curso con todos os representantes dos distintos sectores implicados (Comisión de Coordinación Pedagóxica, Xunta de Delegados, Directiva da AMPA) co fin de que coñezan e informen ós seus representados dos obxectivos e características do Plan de Convivencia.

2. Distribución dos cuestionarios que permitan realizar a avaliación inicial e, en colaboración co Departamento de Orientación, elaboración dun documento coas conclusións obtidas que será posto en coñecemento de toda a comunidade educativa.

3. Reunións periódicas cos organismos aludidos no punto primeiro, coa finalidade de recoller todas as suxestións que os diferentes estamentos consideren oportunas para realizar un Plan de Convivencia que recolla a realidade do centro e intente solucionar, coas medidas axeitadas, toda a problemática que a nivel de convivencia se dea no Instituto.

## **11.2 PROXECTO LINGÜÍSTICO**

### **A) OBXECTIVOS XERAIS DO PLAN LINGÜÍSTICO DO CENTRO**

1. Que o alumnado que ten a lingua galega como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.
2. Que o alumnado que ten a lingua castelá como lingua habitual poida mantela e consolide unha competencia plena nela.

3. Que o alumnado adquira plena competencia nas dúas linguas oficiais.
4. Que o alumnado adquira a competencia establecida no currículo para as linguas estranxeiras.
5. Que non se prive ao alumnado procedente de fóra de Galicia da riqueza de poder coñecer as dúas linguas oficiais.

## **B) OBXECTIVOS ESPECÍFICOS RESPECTO DA LINGUA GALEGA**

- Dotar a lingua galega no centro dos recursos necesarios para facer dela unha lingua de uso.
- Incentivar no alumnado un maior uso da lingua galega, facendo que, ao mesmo tempo, goce co uso da súa lingua.
- Eliminar os prexuízos que poidan seguir existindo respecto da lingua.
- Darlle máis funcións e máis espazos no centro e fóra del, priorizando a súa presenza en todos os sectores da vida escolar.
- Procurar e facer que todos os membros da comunidade educativa poidan vivir en galego, cando así o queiran, tendo en conta que é un dereito que lles pertence.
- Empregar os recursos en galego que nos ofrecen as novas tecnoloxías, facéndolle ver ao alumnado que a súa lingua posúe un carácter universal e que é tan válida como calquera outra lingua.

O PLAN Xeral de Normalización da Lingua Galega establece como un dos seus obxectivos xerais conseguir para a lingua galega máis funcións sociais e máis espazos de uso, priorizando a súa presenza en sectores estratéxicos.

Para conseguir estes fins compre afondar no desenvolvemento dos preceptos da Lei de normalización lingüística no tocante ao ensino, sen dúbida un sector fundamental para a implantación dos hábitos lingüísticos en galego, e establecer unha nova regulamentación do galego que facilite o seu emprego de xeito progresivo e xeneralizado en todos os niveis e graos non universitarios.

Cómpre reforzar a dimensión comunicativa do galego en relación con contextos vivos, facilitarlle ao alumnado unha oferta educativa que o axude a percibir a utilidade da lingua e que o capacite para o seu uso correcto e eficaz, erradicando especialmente o seu emprego sexista en todos os ámbitos e respectando, así mesmo, a situación sociolingüística en que se enmarca cada centro.

A educación secundaria obrigatoria proporcionaralle a todo o alumnado unha boa competencia en lingua galega que repercuta de forma positiva no seu uso”.

### **11.3 PROXECTO LECTOR**

#### **Obxectivos xerias:**

Os obxectivos do proxecto lector do noso centro son:

1. Incrementar os hábitos de lectura de toda a comunidade educativa.
2. Potenciar a comprensión lectora e a lectura fluída e expresiva desde todas as áreas do currículo.
3. Contribuir a mellorar a competencia oral e escrita.
4. Desenvolver as habilidades no proceso de busca e recuperación da información en todo tipo de soportes.
5. Promover entre o alumnado o uso frecuente da biblioteca de xeito que adquiran as ferramentas para o manexo eficaz, así como a importancia de cidar e conservar libros.

### En canto ao currículo:

1. Incluír nos documentos institucionais do centro as actuacións necesarias para mellorar no alumnado a adquisición dunha adecuada competencia lectora.
2. Implicar ó conxunto das áreas e materias na responsabilidade do desenvolvemento da competencia lectora do alumnado.
3. Establecer nas programacións didácticas de cada área as extratexias metodolóxicas que se consideren axeitadas para o desenvolvemento da competencia lectora e o hábito de ler.

### Enfoques didácticos e organización escolar:

- Intervencións na aula e na biblioteca sobre a lectura.
- Promover intervencións de comprensión lectora, de forma coordinada.
- Emprego de diferentes fontes de información da comunidade educativa.
- Crear ambientes lectores con implicación da comunidade educativa.

### Reforzo escolar e apoio educativo

- Adquirir aprendizaxes de forma significativa.
- Contribuír á adquisición de técnicas de estudo.
- Facilitar ó alumnado as ferramentas necesarias para a adquisición de coñecementos.
- Implicar ás familias no proceso educativo dos seus fillos, orientándoos e dándolles pautas de actuación e estratexias concretas.

## 11.4. PLAN TIC

Coa finalidade de que as tecnoloxías da información e a comunicación, as TIC, se incorporen como un recurso máis nos procesos de ensino-aprendizaxe, cada centro debe elaborar e incluír no seu proxecto educativo un plan de integración destas tecnoloxías que implique un cambio metodolóxico e unha adaptación á realidade para un mellor aproveitamento das posibilidades que ofrecen. A aplicación das TIC ó traballo da aula convértese, pois, nunha peza clave na educación e formación de cara ás novas xeracións.

Trátase de que o alumnado, ó finalizar a escolarización obrigatoria, acade unha **competencia dixital**. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para buscar, obter, procesar e comunicar información, para transformala en coñecemento.

O plan TIC implica:

- a) Unha avaliación inicial do centro referida ás características de toda a súa comunidade educativa;
- b) proposta de obxectivos que, a curto e longo prazo, se pretenden alcanzar, así como a metodoloxía e actividades concretas que se aplicarán para acadalos;
- c) incluíranse iniciativas pedagóxicas innovadoras e cambios metodolóxicos que redunden nun mellor aproveitamento das TIC nas aulas;
- d) estratexias de coordinación do profesorado das distintas áreas e niveis educativos;
- e) utilización e aproveitamento

dos recursos existentes no centro en beneficio do proxecto; f) organización dos espazos do centro.

### Obxectivos:

1. Actualización permanente da páxina web do centro, como espazo de comunicación de toda a comunidade educativa.
2. Facilitar o emprego das novas tecnoloxías ó alumnado con necesidades especiais de apoio educativo e nas tarefas de apoio e reforzo de aprendizaxes..
3. Promover a comunicación con outros centros para transmitir outras formas de vida, costumes, etc.
4. Mellorar a proposta pedagóxica do profesorado e a súa práctica docente empregando as novas tecnoloxías da información e a comunicación.
5. Empregar as tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo cotián e nas actividades de aula: programacións, actividades, explicacións, proxectos
6. Poñer en marcha mecanismos para aproveitar o máximo a infraestrutura tecnolóxica xa existente no centro.
7. Adquirir o material preciso para facer rendible o xa existente no centro.

A finalidade do Plan TIC podémola resumir nos seguintes puntos:

1. Incorporación das TIC ao proceso de ensino – aprendizaxe, como un recurso mais.
2. Adquisición de coñecementos e habilidades para o seu uso nos contornos de aprendizaxe, familiares e de lecer.
3. Acadar unha **competencia** dixital.

Unha importante acción a desenvolver dentro do Plan TIC é o proxecto Abalar, que aplicouse por primeira durante o curso 2010-2011.

### 11.5.PLAN DE IGUALDADE.

Para impulsar o modelo de escola coeducativa (educar conxuntamente a mozos e mozas de ambos sexos) a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional (en diante CEUFP), xunto coa Secretaría Xeral da Igualdade, aprobou o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016- 2020, para desenvolver o principio de igualdade de oportunidades e a prevención da violencia de xénero. Para organizar as propostas de traballo dos centros educativos elaborárase un plan de igualdade que concrete as medidas de actuación que se van propoñer para acadar os obxectivos coeducativos.

A igualdade de xénero é un principio fundamental que vén recollido na lei. As administracións públicas deben ser un motor fundamental para garantir a igualdade de oportunidades de mulleres e homes, co fin de mellorar o nivel e a calidade de vida das persoas e avanzar cara a unha sociedade máis democrática e xusta.

O marco lexislativo actual obriga a introducir a perspectiva de xénero e a velar polo cumprimento do principio de igualdade real entre mulleres e homes no ámbito educativo. O preámbulo da Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de Educación, pon de manifesto que a educación é o medio de transmitir e, ao mesmo tempo, de renovar, a cultura e o acervo de coñecementos e valores que a sustentan. Así, un dos principais fins que se persegue coa educación é a formación no respecto dos dereitos e das liberdades fundamentais e da igualdade efectiva de oportunidades entre mulleres e homes, así como a valoración crítica das desigualdades, de forma que sirvan para superar os comportamentos sexistas.

A Lei orgánica 3/2007, do 22 de marzo, para igualdade de mulleres e homes establece no artigo 23, a educación en igualdade de mulleres e homes, e no artigo 24, a integración do principio de igualdade na política de educación.

O artigo 17 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de Igualdade establece as medidas a prol dunha educación en igualdade. Para estes efectos, o currículo regulador da práctica docente de cada un dos niveis, etapas, ciclos, graos e modalidades do sistema educativo adaptarase ás seguintes especificacións relativas a obxectivos, contidos, metodoloxía e criterios de avaliación. O artigo 19 fala da erradicación de prexuízos nos centros docentes.

O Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero (27 de xullo de 2017) recolle no seu punto 170 que se promoverá a aprobación de plans de igualdade nos centros de ensino nas etapas de educación primaria e secundaria obrigatoria.

Entre os principios informadores e fins das normas de convivencia recóllese a educación en igualdade de dereitos e oportunidades entre mulleres e homes. Indica que a comunidade educativa, no seu conxunto, velará pola aplicación daquelas medidas que vaian encamiñadas a fomentar a igualdade efectiva entre mulleres e homes.

### **O plan de igualdade contempla os seguintes apartados:**

1. Introducción.
2. Contextualización normativa e do centro.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTI fobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:
  - 4.1. Promoción da igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.
  - 4.2. Prevención, detección e intervención en casos de violencia de xénero.
  - 4.3. Promoción do respecto pola diversidade afectivo-sexual.
  - 4.4. Prevención, detección e intervención en casos de LGBTI fobia.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
  - 5.1. Organización do centro.
  - 5.2. Eliminación dos estereotipos de xénero na transmisión dos valores e dos saberes.
